



BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORES DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA), DO CONCELLO DE MACEDA.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en aplicación da **Orde do 9 de xaneiro de 2023** pola que se establecen as bases reguladoras para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (**Risga**) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano **2023**.

2. A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

SEGUNDA. Bases específicas.

2.1. Número de prazas: Unha.

2.1.1. Categoría profesional: **Peón Xardineiro/a.**

2.1.2. Duración: **9 meses.**

2.1.3. Contrato laboral a formalizar: A modalidade de contrato de traballo temporal coas **cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral**, segundo o establecido no artigo 13. f) da **Orde do 9 de xaneiro de 2023** da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

2.1.4. Xornada laboral: Xornada 75,00%.

2.1.5. Retribucións: **945,00 € brutos/mes** (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

2.1.6. Ambito: No termo municipal do Concello de Maceda.

2.1.7. Horario: de luns a venres.

2.2. Número de prazas: Unha.

2.2.1. Categoría profesional: **Peón Barrendeiro/a.**

2.2.2. Duración: **9 meses.**

2.2.3. Contrato laboral a formalizar: A modalidade de contrato de traballo temporal coas **cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral**, segundo o establecido no artigo 13. f) da **Orde do 9 de xaneiro de 2023** da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

2.2.4. Xornada laboral: Xornada 75,00%.

2.2.5. Retribucións: **945,00 € brutos/mes** (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

2.2.6. Ambito: No termo municipal do Concello de Maceda.

2.2.7. Horario: de luns a venres.



TERCEIRA. Normativa aplicable.

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido en:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 30 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

CUARTA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes a tomar parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar desempleado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

b) Ser persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no SPEG, tendo preferencia, en todo caso, as persoas receptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares.





- c) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, así como extranxeiros con residencia legal en España.
- d) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- g) Coñecemento da lingua galega: de acordo ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así coma a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do **CELGA 2**, título superior ou equivalente, deberá superar unha proba oral sobre o coñecemento do idioma galego.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

Para o procedemento selectivo será de aplicación o **artigo 13** da **Orde do 9 de xaneiro de 2023**.

Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados inscritos na Oficina de Emprego de Ourense A Ponte, para o que se formulará a correspondente oferta.

O Concello de Maceda solicitará aos candidatos/as que se necesitan para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta, a presentación da documentación correspondente aos requisitos que deben reunir os candidatos para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de



traballo ofertado. Só serán admitidos e poderán presentarse a este proceso selectivo os candidatos que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido ningún outro candidato que non figure no citado listado.

Non se requerirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista facilitada polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta. Os candidatos deberán presentarse o día e hora sinalados polo Concello de Maceda, nas dependencias municipais, e aportarán a documentación sinalada nas presentes bases, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto que se convoca.

Os documentos que deberán de presentar, das circunstancias persoais alegadas, son os que se indican a continuación:

1. **Copia do DNI** ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da UE ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola UE e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
2. Informe dos Servizos Sociais que acredite a integración en colectivos de risco de exclusión social e ser persoas **beneficiarias do Risga**.
3. Informe dos Servizos Sociais que acredite a asignación dun **proxecto de inserción de carácter laboral**, de ser o caso.
4. Declaración xurada das **persoas a cargo** que ten a persoa traballadora desempregada, se é o caso, ademais da seguinte documentación:
 - 4.1. Fillos menores de 26 anos desempregados e a cargo: acreditar con libro de familia e certificado de convivencia.
 - 4.2. Fillos maiores de 26 anos con discapacidade: acreditar con libro de familia, certificado de discapacidade e certificado de convivencia.
 - 4.3. Persoa a cargo en situación de dependencia: acreditarase coa resolución de dependencia e certificado de convivencia.
 - 4.4. Cónxuxe a cargo: acreditarase co libro de familia ou inscrición no rexistro de parellas de feito da Xunta de Galicia, e co certificado de períodos de inscrición expedido polo SPEG correspondente conforme está en situación de desemprego.



- 4.5. Menores en acollemento: resolución que acredite tal circunstancia.

SEXTA. Admisión de aspirantes.

Os candidatos convocados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán presentarse na data indicada por parte deste concello, debendo de aportar os seus méritos no rexistro xeral deste Concello de Maceda.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, iniciárase o proceso selectivo que regulan estas bases, entre os aspirantes que se presentaran e aportaran a documentación esixida para o posto.

SETIMA. Tribunal cualificador ou Comisión de Valoración.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Traballador Social do Concello.

Secretaria: Secretaria do Concello de Maceda.

Vogais:

1. Técnico de emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Maceda.
2. Educadora Familiar do Concello de Maceda.
3. Auxiliar administrativa do Concello de Maceda

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros e sempre a do Presidente e a Secretaria. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 40/2015, de 12 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do Presidente.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores,



actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

OITAVA. Desenvolvemento do Proceso de Selección.

Presentación de documentos.

Os candidatos propostos polo SPEG deberán achegar no prazo de **tres (3) días hábiles**, a documentación a baremar, prazo que poderá ampliarse cando o seleccionado acredite que non puido presentar algún documento por causas alleas a súa vontade.

Procedemento de selección.

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o **concurso** debendo o Tribunal valorar os méritos alegados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida. Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 13 da **Orde do 9 de xaneiro de 2023** pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración de Galicia (Risga) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano **2023**, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, “Requisitos da contratación”.

A tal efecto o tribunal reunirse no día e hora que se estableza na correspondente resolución da alcaldía para valorar o concurso e para realizar as entrevistas.

FASE DE CONCURSO:

BAREMO DE MÉRITOS

Pola Comisión de Valoración examínase toda a documentación entregada polos aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos alegados deberán posuírse e acreditarse á data en que remate o prazo de presentación (enténdase a data de formulación da oferta de emprego polo Concello). Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas. A puntuación máxima no baremo de méritos non excederá de 3 puntos.



Segundo o establecido no artigo 13 da **Orde do 9 de xaneiro de 2023** (Risga) terán preferencia neste programa a pertenza aos seguintes colectivos:

- a) Maiores de 45 anos. 1,00 punto.
- b) Asignación dun proxecto de inserción de carácter laboral. 1,00 punto.
- c) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por éstas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parellas de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos desempregadas ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,20 puntos por persoa a cargo, previa acreditación documental. Ata un máximo de 1,00 punto.

ENTREVISTA

Ademais, para valorar a adecuación de cada candidato ao posto de traballo, realizarase unha entrevista persoal na cal se valorarán as aptitudes e as capacidades para o posto ofertado. Que se valorará ata un máximo de 2,00 puntos.

NOVENA. Resolución.

O secretario do Tribunal emitirá a correspondente acta que recollerá as puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación final do proceso selectivo a suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos.

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do Concello, na sede electrónica do Concello e na páxina web www.concellodemaceda.org. En caso de empate acudiríase a sorteo entre as partes implicadas.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para resolver a relación de aspirantes seleccionados e a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

DÉCIMA. Formalización dos contratos de traballo.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e formalizaranse os **contratos de traballo de**





duración determinada por un periodo de 9 meses e cunha xornada de traballo do 75,00%.

UNDÉCIMA. Impugnación.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio de aprobación das bases no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na súa páxina web (www.concellodemaceda.org), ante o alcalde do Concello de Maceda, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Maceda e na súa páxina web (www.concellodemaceda.org), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

DECIMO SEGUNDA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

DECIMO TERCEIRA. Normas supletorias de aplicación

En todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria, ademáis da orde reguladora das axudas, o establecido nas normas sinaladas na base terceira das presentes.

O Alcalde,
Asdo.: Rubén Quintas Rodríguez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

